



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Historia Social e Política contemporánea		Código	660G01009
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	GalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Fernández Colín, Mª Luísa	Correo electrónico	m.luisa.fernandez1@col.udc.es	
Profesorado	Fernández Colín, Mª Luísa	Correo electrónico	m.luisa.fernandez1@col.udc.es	
Web				
Descrición xeral	Coñecemento básico da evolución social e política contemporánea e a súa repercusión na sociedade actual.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A12	Historia das relacións laborais.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A33	Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.
A34	Interrelacionar as distintas disciplinas que configuran as relacións laborais.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Razoamento crítico.
B10	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade.
B14	Aprendizaxe autónomo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Historia das relacións laborais.	A12		
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.	A13		
Interpretar datos e indicadores socioeconómicos	A18		
Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.	A32		
Comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais no ámbito nacional e internacional.	A33		
Interrelacionar as distintas disciplinas que configuran as relacións laborais	A34		
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais	A35		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			C6
Capacidade de análise e síntese		B2	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesiona		B6	
Razoamento crítico.		B8	
Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade		B10	
Aprendizaxe autónomo.		B14	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Os inicios do liberalismo económico e político	1.1 Oríxes do liberalismo 1.2 Principios do liberalismo 1.3 O liberalismo económico
Tema 2: O Estado do Benestar e o Capitalismo posterior á Segunda Guerra Mundial	2.1 O liberalismo dos anos 30 2.2 O Estado do Benestar 2.3 A crise de 1973 2.4 Segunda Crise do Petróleo 2.5 Consecuencias da Crise
Tema 3: Os feminismos e a condición da muller	3.1 A división sexual do traballo 3.2 A loita polos dereitos civís e políticos 3.3 Os dereitos das mulleres dende a década dos anos 60
Tema 4: Os socialismos	4.1 As Oríxes 4.2 O Anarquismo 4.3 O Marxismo 4.4 A expansión do Socialismo
Tema 5: O movemento obreiro	5.1 Introducción 5.2 Os primeiros conflitos da Sociedade Industrial 5.3 Xeralización e Internacionalización do Movemento Obrero 5.4 O Movemento Obrero en España
Tema 6: Os Fascismos	6.1 Qué é o fascismo? 6.2 Características dos fascismos 6.3 O fascismo italiano 6.4 O nazismo alemán 6.5 Outros fascismos
Tema 7: aproximación ás relacións internacionais	7.1. A era do imperialismo, a descolonización eo desenvolvemento de novos estados 7.2. A ocupación de Palestina e da política de Israel 7.3. conflitos recentes no mundo islámico 7.4. O bloque comunista

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A12 A13 A18 A32 A33 A34 B2 B6 B8 B14 C1 C4 C6	2	2	4
Discusión dirixida	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B6 B8 B10 C1 C4 C6	10	17	27



Lecturas	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B6 B8 B10 B14 C1 C4	8	8	16
Sesión maxistral	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B8 B10 B14 C1 C4	10	20	30
Proba mixta	A12 A13 A18 A32 A33 A35 B2 B8 B14 C1 C4	0	50	50
Traballos tutelados	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B6 B8 B10 B14 C1 C4 C6	9	10	19
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se han recollido e editado como fonte de profundización nos contidos traballados. Faranse moitos comentarios de texto en castelán, galego e inglés.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Proba mixta	preguntas tipo test e preguntas de resposta corta
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo tutelaa do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Farase para os traballos tutelados, orientando a cada alumno sobre o traballo que pode facer, as normas e fontes de información a utilizar.
Discusión dirixida	
Lecturas	
Traballos tutelados	Ademais das tutorías presenciais, os alumnos poderán realizar consultas sempre que o desexen mediante o correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Discusión dirixida	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B6 B8 B10 C1 C4 C6	relacionada coas lecturas que os alumnos deben facer así como cos comentarios e análises que se realizarán posteriormente en clase. traballarase en castelán, galego e inglés. Os traballos non serán calificados fora de prazo. Algunhas das prácticas poderán realizarse e subirse ao Moodle durante a clase.	20
Proba mixta	A12 A13 A18 A32 A33 A35 B2 B8 B14 C1 C4	probos de varias modalidades: resposta corta, tipo test , resposta longa ou comentario de texto	60
Traballos tutelados	A12 A13 A18 A32 A33 A34 A35 B2 B6 B8 B10 B14 C1 C4 C6	- traballo de profundización nun tema relacionado co temario da asignatura. - Poderase facer individual ou en grupo (máximo de 3 alumnos) - é obrigatorio a súa exposición oral na aula para que puntúe. A solicitude do mesmo e non presentación por parte do alumno no día indicado , sen xustificación previa, pode supoñer unha penalización de ata 2 puntos..	20

Observacións avaliación

A avaliación continua é obrigatoria para todo o alumnado agás para o alumnado con dispensa académica aprobada. Para aprobar a asignatura deberase obter como mínimo 5 puntos da suma de traballos de clase (ata 20%) , traballo tutelado de obrigada exposición oral na aula para podeer puntuar (ata 20%) e as probas realizadas (ata 60%). en caso de non chegar ao 5, poderán presentarse ao exame final da materia quedando anulada a nota de exame que tiñan.

Para poder ter acceso á avaliación continua é requisito imprescindible a asistencia ás clases da asignatura; a ausencia a 3 clases, sen xustificación, implicará a suspensión de dita avaliación continua e polo tanto, ser calificado igual que os alumnos de dispensa.

Os estudantes con dispensa académica ou o alumnado con mais de 3 faltas sen xustificar, serán avaliados do seguinte xeito:

- Proba obxectiva: exame tipo test de toda a materia. A súa nota será ata o 80%

- Traballo de profundización nunha materia relacionada co programa da materia. O traballo da materia será previamente acordado co profesor. É obrigatorio presentalo na clase para puntuar. A non presentación do alumno o día da exposición sen causa xustificada suporá unha penalización coa perda de 2 puntos, a súa nota será ata o 20%.

No caso de estudantes que, tras un informe da Unidade de Atención á Diversidade, teñan que ter condicións especiais de avaliación, seguiranse as pautas recomendadas polo dito Servizo

A convocatoria extraordinaria estará sometida ás mesmas normas



Fontes de información

Bibliografía básica	- Giner, S. (2013). Historia del pensamiento social. Barcelona, Ariel - Galán García, A, Gómez Urdañez, G. y Moreno Fernández, J.R. (2003). Materiales para la historia de las Relaciones Laborales. Madrid, Tecnos - Camps Cura, E, (2013). Historia Económica Mundial: la formación de la economía internacional (s.XVI-XX). Madrid, Mc Graw Hill - Bahamonde, A. y Villares, R. (2001). El mundo contemporáneo. siglos XIX y XX. Madrid, Taurus - Fernández García, T. (2014). Trabajo Social, una historia global. Mc Graw Hill - Arenas Posadas, C (2003). Historia Económica del Trabajo. Madrid, Tecnos - Fontana, J. (1999). Introducción al estudio de la historia. Barcelona, Crítica - Nash, Mary (2012). Mujeres en el mundo: Historia, retos y movimientos. Madrid, Alianza - Nuño Gómez, L, (Coord) (1999). Mujeres de lo privado a lo público. Madrid, Tecnos
Bibliografía complementaria	- Hobsbawm, E. (1995). Historia del siglo XX. Barcelona, Crítica - Hampsher-Monk, I. (1994). Historia del pensamiento político moderno, los principales pensadores políticos de Hobbes a Marx. Barcelona, Ariel - Droz, J (1985). Historia general del socialismo. Barcelona, Destino - Galán García, A. (Coord.) (2000). Intervención Pública en las Relaciones Laborales. Tecnos, Madrid - Núñez Florencio, R. (1994). Sociedad y política en el siglo XX. Madrid, Síntesis - Termes, J. (1972). Anarquismo y sindicalismo en España. Barcelona, Ariel - Woodcock, G. (1979). El anarquismo. Historia de las ideas y de los movimientos libertarios. Barcelona, Ariel - Harvey, D. (2007). breve historia del neoliberalismo. Madrid, Akal - Fontana, J. (1999). Introducción al estudio de la historia. Barcelona, Crítica - Marín Carreras, J. (1996). introducción a la historia contemporánea. Madrid, Istmo

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Historia Social do Traballo/660G01039

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías